



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 23 DE NOVEMBRO DE 2015

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas e trinta minutos do día vinte e tres de novembro de dous mil quince, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1108 de data 23 de xuño de 2015: don Juan González Leirós, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Ramón Boga Moscoso e dona María Dolores Blanca García Fernández.

Non asiste e presenta escusa dona Elisa Pestonit Barreiros.

Faise constar que don Augusto Rey Moreno presentou o día 17 de novembro de 2015 escrito de renuncia ao cargo de concelleiro do Concello de Cambre, con efectos dende a presentación do dito escrito no rexistro de entrada.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 16 de novembro de 2015

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 16 de novembro de 2015 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asisten á sesión, aprobou o citado borrador.

2º.- Boletíns e correspondencia

- Orden HAP/2427/2015, do 13 de novembro, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, pola que se aproban as bases e a primeira convocatoria para a selección de estratexias de desenvolvemento urbano sostible e integrado que serán cofinanciadas mediante o programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. (Boletín Oficial do Estado número 275, do 17 de novembro de 2015).

- Anuncio da Xunta de Goberno de 05/11/2015 da Deputación Provincial da Coruña. Bases reguladoras das convocatorias de subvencións dirixidas aos concellos e outras entidades locais, da Deputación Provincial da Coruña, ano 2016. (Boletín Oficial da Provincia número 221, do 18 de novembro de 2015).

- Anuncio da Diputación Provincial da Coruña. Bases reguladoras do Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de servizos sociais no ano 2016. (Boletín Oficial da Provincia número 221, do 18 de novembro de 2015).



- Anuncio da Diputación Provincial da Coruña. Bases reguladoras do Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de políticas de igualdade entre mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero no ano 2016. (Boletín Oficial da Provincia número 221, do 18 de novembro de 2015).
- Anuncio da Diputación Provincial da Coruña. Convocatoria do Programa de subvencións dirixido aos concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña para investimentos en promoción turística durante o exercicio 2016. (Boletín Oficial da Provincia número 221, do 18 de novembro de 2015).
- Anuncio da Diputación Provincial da Coruña. Convocatoria do Programa de subvencións dirixido aos concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña para actividades en promoción turística durante o exercicio 2016. (Boletín Oficial da Provincia número 221, do 18 de novembro de 2015).
- Anuncio da Diputación Provincial da Coruña. Convocatoria do Programa de subvencións dirixido aos concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña para actividades de promoción económica durante o exercicio 2016. (Boletín Oficial da Provincia número 221, do 18 de novembro de 2015).
- Anuncio da Diputación Provincial da Coruña. Convocatoria do Programa de subvencións provinciais (anos 2016), de concorrencia competitiva dirixidas aos concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística (SNL) de 2016. (Boletín Oficial da Provincia número 221, do 18 de novembro de 2015).
- Anuncio da Diputación Provincial da Coruña. Bases reguladoras do Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de programas de envellecemento activo para as persoas maiores no ano 2016. (Boletín Oficial da Provincia número 221, do 18 de novembro de 2015).
- Anuncio da Diputación Provincial da Coruña. Bases reguladoras do Programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2016. (Boletín Oficial da Provincia número 221, do 18 de novembro de 2015).
- Anuncio da Diputación Provincial da Coruña. Convocatoria do Programa de subvencións a concellos e entidades locais para a realización de actividades deportivas durante o ano 2016. (Boletín Oficial da Provincia número 221, do 18 de novembro de 2015).
- Anuncio da Diputación Provincial da Coruña. Convocatoria do Programa de subvencións a concellos e entidades locais para a realización de investimentos deportivos durante o ano 2016. (Boletín Oficial da Provincia número 221, do 18 de novembro de 2015).
- Anuncio da Diputación Provincial da Coruña. Convocatoria do Programa de subvencións a concellos e entidades locais para a contratación de persoal técnico deportivo durante o ano 2016. (Boletín Oficial da Provincia número 221, do 18 de novembro de 2015).



- Anuncio da Diputación Provincial da Coruña. Convocatoria do Programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar animadores culturais durante o ano 2016. (Boletín Oficial da Provincia número 221, do 18 de novembro de 2015).

- Resolución do 3 de novembro de 2015, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se establece o calendario de días inhábiles no ámbito da Administración Xeral do Estado para o ano 2016, para efectos de cómputos de prazos. (Boletín Oficial da Provincia número 276, do 18 de novembro de 2015).

- Orde do 16 de novembro de 2015, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2015. (Diario Oficial de Galicia número 222, do 20 de novembro de 2015).

3º.- Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 13 ao 19 de novembro do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 2005/2015 e remata coa resolución da Alcaldía número 2051/2015.

4º.- Informes doutros asuntos de área

Informes da alcaldía

Don Óscar A. García Patiño dá conta dos seguintes asuntos:

- Con data do 16/11/2015 ditouse Resolución nº 2024/2015, polo concelleiro-delegado da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos, na que se acorda adxudicar a subministración consistente no "Aluguer de arcos luminosos para as festas do Nadal 2015-2016 do Concello de Cambre", á entidade "Iluminaciones Santiaguesas, S.L.", no prezo ofertado de 22.022,00 euros, IVE incluído (exp. 2015/C005/000002).

Con data do 18 de novembro de 2015 asinouse entre o Concello de Cambre e a entidade "Iluminaciones Santiaguesas, S.L." o contrato. O prazo de acendido é do 3 de decembro de 2015 ata o 6 de xaneiro de 2016.

- Con data do 16/11/2015 ditouse Resolución nº 2023/2015, polo concelleiro-delegado da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos, na que se aproba o plan de seguridade e saúde, o plan de xestión de residuos e mailo programa de traballo presentados pola empresa "Alvac, S.A.", para execución da obra incluída no Plan provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia municipal (POS) Adicional 1/2014, "Rede de saneamento e pavimentación en Peiraio, (Bribes), Cambre 2013" (exp. 2015/C003/000002).

- Con data do 16/11/2015 ditouse Resolución da Alcaldía nº 2018/2015, pola que se modifica o acordo adoptado segundo Resolución da Alcaldía nº 1884/2015, no sentido de que a coordinación de seguridade e saúde da obra "Seguridade viaria na AC-214 e renovación da rede de abastecemento entre Fraiz e A Mota (AC-214)", incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (POS) 2015, será levada a cabo pola empresa



“Gallega de Coordinaciones, S.L.”. A empresa mencionada designa, como profesional que vai executar os traballos de coordinación de seguridade e saúde na obra, ao enxeñeiro técnico industrial don Francisco José Cobas Fernández.

Na antedita resolución acórdase manter a designación da enxeñeira técnica de obras públicas municipal como directora da obra e responsable do contrato, para os efectos previstos no artigo 52 do RD Lexislativo 3/2011 (Texto refundido da Lei dos contratos do sector público), polo que lle corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións, e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

- Con data do 16/11/2015 ditouse Resolución nº 2014/2015, polo concelleiro-delegado da Área de Economía, Facenda, Obras e Servizos, na que se declara resolto o contrato suscrito o día 27 de agosto de 2014 coa entidade “Bretema Ocio e Tempo Libre, S.L.”, para a execución dos traballos consistentes no desenvolvemento do programa “As Novas tecnoloxías máis cerca 2014 e 2015” (Cursos de formación e acceso libre) do Concello de Cambre (expediente nº 14/17-11 SERV, nº SIGM 2014/C004/000006), motivado, en concreto, no incumprimento das obrigas esenciais de execución do contrato que se derivan da solicitude de resolvelo presentada polo adxudicatario, coa data de 10 de agosto de 2015. Tamén se decide incautar a garantía definitiva constituída para responder da execución do contrato, por importe de 979,50 euros, depositada en metálico, e presentada na Tesourería municipal o día 13 de agosto de 2014, e rexistrada ao número 594, e se declara a prohibición de contratar co Concello de Cambre da empresa “Brétema Ocio e Tempo Libre, S.L.”, por un prazo de dous anos, que comezará a contar a partir da súa inscrición ou constancia no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia.

- Por último, o Sr. alcalde informa que hoxe mesmo vai ditar as resolucións de revocación de funcións dos concelleiros do PSdeG-PSOE, así como o nomeamento do persoal eventual.

Informes do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos e Sanidade

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez dá conta do seguinte asunto:

- Da Resolución núm. 2059/2015, do 20 de novembro, na que se recolle o acordo acadado coas organizacións sindicais CIG, CCOO e UXT, en xuntanza da Mesa Xeral de Negociación dos empregados públicos do Concello de Cambre, do 19 de outubro de 2015, respecto da transposición en materia de permisos por asuntos particulares e vacacións por antigüidade establecidos no Real decreto lei 10/2015, do 11 de setembro.

Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico

Dona Maria Dolores Blanca García Fernández dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 16 ás 10:15 levouse a cabo o simulacro anual de incendio no Centro Municipal de Formación.

- O día 17 de novembro ás 8:30 mantívose unha reunión na Alcaldía para coordinar as actividades formativas de todos os departamentos.

- O día 17 ás 12:00 horas reunión con Taibo para recabar información para a realización dun curso de piloto de drones.



- O mércores 18 reunión con dúas alumnas do curso “atención sociosanitaria a persoas no domicilio” para agradecer ao concello a dispoñibilidade e o apoio dado ao alumnado.
- O xoves 19 visita ao Temple para ver a realización das pequenas obras nas rúas Celso Emilio Ferreiro, Párroco M. Cobas e para falar cos comerciantes pendentes de localizar para comentar o proxecto de poñer en marcha feiras mensuais no Temple.
- O día 20 ás 12:00 horas reunión con feirantes e o señor Antonio para ver posibilidades de realización da feira monográfica de Nadal no Temple
- O día 20 reunión coas técnicas do departamento para definir as liñas da campaña de promoción do comercio no Nadal.
- O sábado 21 pola mañá de 9 a 14 horas clausura do campionato de Orientación–Ope da empresa SEDEGA xunto co concelleiro de Cultura. E pola tarde no Sofía Toro de Cambre presentación da Capoeira xunto co cónsul de Brasil.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente
Óscar A. García Patiño

A secretaria
Maria Luisa de la Red Ampudia